



Concello de Parada de Sil

BANDO

D. AQUILINO DOMINGUEZ DIAZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADA DE SIL (OURENSE),

FAGO SABER:

Debido o ao **alto nivel no índice de risco de incendio** é conforme á Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, na Lei 6/2011 do 13 de outubro de mobilidade de terras, na Lei 7/2012 do 28 de xullo de Montes de Galicia, e na instrución 1/2018 do 26 de abril da Consellería de medio Rural:

- Os propietarios e usufrutuarios titulares de terreos situados no núcleo urbano ou en solo de núcleo rural ou estean próximas a urbanizacións, edificacións illadas ou instalación, teñen a obriga de mantelos limpos na súa totalidade.
- Os que linden con edificacións, vivendas, naves, de calquera tipo situadas en SOLO RÚSTICO deberán mantelos rozados **NUNHA FRANXA DE 50 METROS DENDE A EDIFICACIÓN.**
- Na mesma franxa de protección, **non poderá haber especies** que favorezan a propagación do lume como **PIÑEIROS, EUCALIPTOS, ACACIAS, TOXOS, XESTAS, SILVAS....**

Os danos que se poidan ocasionar nos bens ou propiedades dos lindeiros no caso de verse afectadas por incendios forestais, **SERÁ RESPONSABILIDADE DOS PROPIETARIOS.**

Solicitamos a colaboración dos veciños/as para a limpeza das fincas.

Moitas grazas

Parada de Sil, 30 de xullo de 2020,

O Alcalde-Presidente,

D. Aquilino Domínguez Díaz

